

Sempre dando a nota!



No curso 2023-2024 o lema do PDI promovido desde a Biblioteca Escolar Brea Segade é *Sempre dando a nota!* A temática que queremos abordar, desde diferentes propostas de educación documental a desenvolver nas aulas, na biblioteca e no centro no seu conxunto, é a música e a danza.

QUE É UN PDI?

Proxecto Documental Integrado: Traballos de investigación cos que o alumnado afonda nun tema concreto ao tempo que descubre e pon en práctica estratexias de busca de información e traballo documental, usando os recursos ofertados pola biblioteca escolar.

Un PDI é un Proxecto porque persegue un fin. Temos un plan para aprender algo sobre un determinado tema no que, procuraremos que se reúnan varias materias. Esa aprendizaxe é significativa, o alumnado participa activamente, é o protagonista do proceso.

Un PDI é Documental porque ten tres fases:

1. Recollida de información (documentación).
2. Tratamento da información recollida (análise e reflexión).
3. Producción (produto, obra final).



Un PDI é Integrado porque implica coñecementos e contidos de diversas áreas, así como o uso de materiais diversos, de ficción, de non ficción, escritos, audiovisuais, orais... Poñemos o acento nos procedementos pero tendo moi presentes os contidos. O alumnado pasa a ser o centro do traballo e o mestre/a un guía que ofrece modelos, conduce e reconduce. Cos proxectos documentais integrados, o alumnado deixa de ser mero consumidor de información a ser produtor da mesma. O profesorado, dependendo das idades e maduración do alumnado, poderá propoñer proxectos de diferente dificultade, tanto desde o punto de vista das fontes utilizadas (unha, dúas..., todas no mesmo soporte, de soportes variados...) coma dos produtos elaborados (un único produto, todos o mesmo, diversos...).

Desde a BBS propoñemos:

1. Usar a **música e a danza** como temática que nos permita investigar, reelaborar información e crear producións propias en diferentes formatos: contos, textos informativos, dramatizacións, murais, xogos de rol, programas de radio, montaxes audiovisuais, bailes, audicións...

2. Estratexias de traballo:

- **Proxectos levados a cabo desde as titorías/especialidades** en relación coa temática do PDI e desenvolvendo aspectos do currículo correspondentes a cada nivel académico.
- **Conmemoracións do *Calendario do Libro da Lectura***. Propostas da BBS para todo o alumnado e profesorado.
- **Celebracións a abordar desde o PDI**. Propostas da BBS e dos outros equipos do centro para todo o alumnado e profesorado.



3. Organización do traballo por trimestres:

- **No 1º trimestre:**

- Lanzamento do tema e do lema: conto, romance, decoración entrada, chuvia de ideas.
- Creación de logotipos, votación, chapas.
- Escolla de tema/temas de traballo por parte das titorías. (Mapa conceptual con propostas).

- **No 2º trimestre**

- Desenvolvemento de proxectos ao redor da música nas titorías e especialidades. Posibles produtos finais: murais, libros con lapelas, presentacións en soporte dixital, maquetas, vídeos, podcasts, entrevistas, bailes, cancións, dramatizacións, musicais...

- **No 3º trimestre**

- Exposición e posta en común dos produtos finais dos proxectos realizados en titorías e especialidades **coincidindo co Festival das Letras Galegas.**



4. Calendario do Libro e da lectura

- Outubro: *Mes da Biblioteca Escolar*: lanzamento PDI.
- Febreiro: *11 de febreiro*: -*Día da Muller e a nena na ciencia: experimentamos co son.*
 - 13 febreiro: Día Mundial da Radio*
 - 23 febreiro: Día de Rosalía*
- Marzo: *Mes da Poesía.*
- Abril: *Mes dos libros.*

5. Celebracións e Conmemoracións

- 30 xaneiro: Día escolar pola Paz e non violencia, Día da ilustración e de Castelao.

